


Pinta con Nóvoa!



Museo de Pontevedra

Quen foi Leopoldo Nóvoa?

Foi un dos artistas pontevedreses máis importantes da segunda metade do século XX. A súa fama é internacional!

Aínda que a súa arte máis madura e persoal é puramente abstracta, nos seus comezos realizou unha arte figurativa moi influenciada nas súas formas e cores por outro gran artista galego, Luís Seoane.

Aquí podedes ver dúas das obras que pintou en Bos Aires no ano 1952 e que forman parte da colección do Museo. Deixámosvos uns debuxos delas para poder colorear, recortar ou mesmo facer en colaxe. Podedes empregar as mesmas cores que Leopoldo ou facer a vosa propia versión. Adiante!

SABÍAS QUE... estas obras foron pintadas nunha mesma tea? Unha por un lado e a outra por outro. É por iso que para poder velas non poden estar penduradas na parede, senón unha delas quedaría oculta.



Paisaxe mariñeira en Vilaxoán (1952. Óleo/tea)

Esta obra presenta unha escena mariñeira da súa nenez en Vilagarcía de Arousa, concretamente no porto de Vilaxoán. Fixádevos nas figuras xeométricas e na importancia da liña e da cor.

Cantas barquiñas ves na imaxe?

.....

Que están a facer as figuras?

.....

.....

Podes ver o campanario da igrexa do pobo?

.....

Onde está a muller que saúda coa man?

.....

Hai algunha figura sen cor?

.....



Vendedor ambulante en Buenos Aires (1952. Óleo/tea)

Esta escena acontece na cidade de Bos Aires onde vivía naquel momento o artista. De novo as liñas e as cores son as protagonistas, tratadas dunha forma moi orixinal.

Que animal acompaña ao vendedor ambulante?

.....

Como vai vestido?

.....

Que crees que está a vender?

.....

Que atopas de orixinal nas persoas representadas?

.....

Hai algunha que semelle estar voando?

.....


A continuación tedes dúas láminas para colorear.

Podedes inspirarvos nas fotografías dos orixinais ou facelo libremente.

Despois podedes enviarnos as fotografías ao correo gabinetedidactico.museo@depo.es para que as poidamos publicar na nosa Web e no noso muro de Facebook.

Leopoldo Nóvoa

1919 - 2019



Leopoldo Nóvoa

1919 - 2019





DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

